



'O lapis do carpinteiro' e a forza do afecto

Ana G. Liste @BelaMistura

17 de agosto de 2026

<https://praza.gal/cultura/o-lapis-do-carpinteiro-e-a-forza-do-afecto>

As fronteiras de verdade son aquelas que manteñen aos pobres apartados do pastel. Esta frase, tan punzante aínda a día de hoxe, advirte a quen le do tipo de libro que ten nas mans. **O lapis do carpinteiro** é unha novela adiantada ao seu tempo, a pesar de que a maioría da trama nos sitúe nos tortuosos anos do Golpe de Estado de 1936, a Guerra Civil, a ditadura e as súas consecuencias. Un pasado que era case presente continuo en 1998, o ano no que **Xerais** publicou esta novela do xornalista e escritor **Manuel Rivas**, que xa viña marcando un camiño co seu libro de relatos *Que me queres, amor?* (Galaxia, 1995), no que se atopa a célebre historia d'*A lingua das bolboretas*, levada ao cinema por Fernando Fernán Gómez.

Rivas di que **quería escribir unha historia de amor**, tiña claro o que quería contar porque coñeceu de primeira man ás dúas persoas que converteu en protagonistas d'*O lapis do carpinteiro*, Marisa Mallo e Daniel Da Barca. O xornalista soubo dende o inicio que quería contar esta historia, o que máis lle custou ao escritor foi atopar a maneira exacta de facelo, de aí a importancia dese lapis vermello.

A novela presenta **un amor tan certo** que se mantén intacto co paso do tempo, da ausencia, dos perigos e, incluso, da brutal represión franquista. O lapis do carpinteiro vai cambiando de dono e en todos eles produce algunha mudanza. É o caso do gardián Herbal, que estaba chamado a ser o malo da historia mais resulta imposible de odiar.

“O lapis permite contar, no medio de tanta dor, tanta crueldade e tanta perda de conciencia o que para min é o máis verdadeiro da condición humana, que é iso que chamamos **amor, afecto**. É unha novela moi dura, pero na que tamén aparece o afecto nos lugares máis imprevisibles”, concretou Manuel Rivas na feira do libro da Coruña.

“Cando escribín esta novela –lembrou Rivas– aínda non se falaba moito dunha **narrativa da Memoria**. Eu quixen que a historia comezara no presente porque xustamente é a maneira na que quería enfocar esa Memoria do que pasou e que segue a afectar a unhas persoas no momento no que se conta a súa historia. De feito, a deusa grega da memoria, **Mnemósine**, non era un ser obsesionado co pasado, todo o contrario, é a **fonte da creatividade**. É esa memoria activa, como o xeito que teñen de remar os mariñeiros, que se poñen de costas ao lugar ao que

queren chegar porque necesitan ter referentes, coordenadas para guiarse. O pasado permite avanzar cara a diante”.

O lapis do carpinteiro suma **máis de 100.000 exemplares vendidos en galego**, unha cifra que a sitúa como a segunda novela máis vendida da historia de Xerais, só por detrás de *Cartas de inverno*, de Agustín Fernández Paz.

Ademais, é **a novela galega máis traducida a outras linguas** (un total de 40) e foi recoñecida con galardóns como o Premio da Crítica Española, Premio Arcebispo Xoán de San Clemente, Premio da AELG, Premio Literario 50 aniversario da sección belga de Amnistía Internacional.

A nova edición, que está nas librarías desde o 2 de xullo, **volve incorporar como agasallo un lapis de carpinteiro**, un obxecto cargado de simbolismo que se converteu nun elemento de culto no lanzamento do libro a finais da década dos noventa. A capa do libro tamén se adapta aos novos tempos da colección Narrativa de Xerais e cambia a súa portada por unha deseñada por **Pepe Barro**.

Por que mirar cara ao pasado? Manuel Rivas considera que quen se pregunta isto está a **“desactivar a compaixón”**. “A esa mesma xente parécelle moi ben falar dos reis católicos, da batalla das Navas de Tolosa, ou mesmo do falar do cardeal Cisneros. Iso non é pasado”, sinala Rivas.

Precisamente, na novela reivíndicase o nome dalgúns represaliados, como é o caso do pintor coruñés **Francisco Miguel**, de quen hoxe temos máis información a través dos diarios da súa compañeira, **Syra Alonso**, que [editou Alvarellos](#). “Todo neste libro é inventado, pero todo é verdade”, afirmou Rivas na feira da Coruña, na que tamén se referiu a outros dos nomes reais que decidiu introducir na novela para ser parte do improbable camiño á reparación; nomes como o de **Pepe Villaverde** e **Marcial Vilamor**.